

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI
CURSO: 6º
MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
DEPARTAMENTO:
DATA: 10-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.1.2.Actúa de forma respectable e digna.
B1.3.Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1.Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.
B2.1.Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	VSCB2.1.1.Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.
B2.2.Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.	VSCB2.2.2.Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.
B2.5. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.5.1.Interacciona con empatía.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.3.Respecta as normas do centro escolar.
B3.5.Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.	VSCB3.5.2.Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.
B3.8.Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión , opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.	VSCB3.8.1.Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.....
B3.10.Partipar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.10.Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
B3.15.Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas , valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	VSCB3.15.1.Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.
B3.17.Analizar críticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.	VSCB3.17.1.Realiza análise de información dixital sobre as razón polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u> consistirá no seguimento das actividades feitas polo alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none">• Adaptarase o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que o alumnado non perda o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.• A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión do período lectivo presencial será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puideran producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.• En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.• Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades/traballos/probas telemáticas, que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que o alumnado poida continuar o seu itinerario formativo.• A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019/2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando beneficie ao alumnado
Cualificación final	<p>Instrumento: diario docente.</p> <p>Terase en conta a cualificación das avaliacións primeira (40%) e segunda(60%), e contará positivamente o interese pola realización das tarefas propostas na terceira avaliación.</p> <p>Para o alumnado que ten aprobados os trimestres anteriores: Valoraremos o progreso das avaliacións anteriores calculando a progresión obtida, á que lle sumaremos un máximo de dous puntos correspondentes á valoración do traballo realizado no terceiro trimestre.</p> <p>Para o alumnado que ten algún trimestre anterior suspenso,ou ambos: Valoraremos : as probas de recuperación /traballos/ actividades que o mestre realice neste terceiro trimestre co fin de adquirir as competencias do/os trimestres anteriores, as cualificacións dos</p>

	trimestres anteriores e o traballo deste terceiro trimestre que solo sumará ata un máximo de dous puntos.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Os criterios versarán sobre tódolos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres, asinando á primeira avaliación o 40% e á segunda o 60%.</p> <p>Ademais, engadirase a puntuación obtida nas tarefas enviadas para a recuperación dos contidos non asimilados durante as clases presenciais.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>A cualificación terase en conta partindo das anteriores avaliacións, valorando o traballo realizado neste terceiro trimestre , primando a flexibilidade.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Seguimento das actividades enviadas a través da aula virtual e as tarefas enviadas ós domicilios nos casos correspondentes.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades de repaso, globais e interdisciplinares.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Utilízanse metodoloxías alternativas: envío de tarefas por medios dixitais, tales como a aula virtual da páxina web do centro e envíos de arquivos (tarefas escolares) ó Concello de Lugo para posterior impresión e entrega ó alumnado sen conectividade.
Materiais e recursos	Materiales versátiles e recursos dixitais.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro, aula virtual, abalar móbil e teléfono.
Publicidade	Páxina web do centro.